

**BASES REGULADORAS DO OUTORGAMENTO DE AXUDAS PARA ESTUDANTES
UNIVERSITARIOS/AS E DE CICLOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE,
RESIDINDO EN VILAGARCÍA DE AROUSA, REALICEN OS SEUS ESTUDOS FÓRA DO
TERMO MUNICIPAL NO CURSO 2022/2023**

1. OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO

Constitúe o obxecto das presentes bases regular un réxime de axudas a os/as estudantes que, residindo en Vilagarcía de Arousa, cursaran os seus estudos universitarios ou outros superiores ou ciclos superiores de Formación Profesional fóra do termo municipal durante o curso 2022/2023.

2. REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DA SUBVENCIÓN

Os/as solicitantes das axudas para estudos universitarios ou outros superiores e de ciclos superiores de Formación Profesional para o curso 2022/2023 previstas nas presentes bases deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 2.1. Ser cidadán/á español/a ou dalgún dos países membros da Unión Europea ou cidadán extracomunitario.
- 2.2. Ter fixada a súa residencia habitual, de maneira permanente e ininterrompida, no municipio de Vilagarcía de Arousa. Comprobaranse os datos do padrón que certifiquen dita realidade. A antigüidade de residencia no municipio deberá ser de ao menos un ano de forma continuada á data da solicitude, non atendéndose aquelas solicitudes que non cumpran dito requisito.
- 2.3. Ter estado matriculado/a, no curso 2022/2023, en universidades ou en estudos superiores ou en ciclos superiores de Formación Profesional públicos ou en centros privados que conten coa autorización de organismos públicos competentes en materia de educación e cuxos estudos conduzan á obtención dun título oficial, matriculación que deberá comprender un período mínimo de nove meses. Quedan excluídos os estudos realizados on-line.





Os/as solicitantes das axudas para estudos universitarios ou outros superiores deberán acreditar que durante o curso 2022/2023 cursaran un mínimo de catro materias anuais ou un mínimo de trinta créditos por curso académico.

Os/as solicitantes das axudas para estudos de ciclos superiores de Formación Profesional deberán acreditar que durante o curso 2022/2023 realizaron os estudos en réxime de dedicación académica a tempo completo.

2.4. Que a renda da unidade familiar de convivencia non supere os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 15.277,05 euros
- Familias de 2 membros: 26.078,16 euros
- Familias de 3 membros: 35.397,30 euros
- Familias de 4 membros: 42.037,30 euros
- Familias de 5 membros: 46.985,45 euros
- Familias de 6 membros: 50.721,46 euros
- Familias de 7 membros: 54.417,85 euros
- Familias de 8 membros: 58.096,04 euros
-

A partir do oitavo membro engadirase 3.670,00 € euros por cada novo membro computable da familia.

A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do exercicio 2022 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. A renda será a da base imponible xeral, calculada segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (casa 435).

Para o cálculo da renda familiar, enténdese como membros computables da unidade familiar: o pai, a nai, titor ou persoa encargada do mantemento da persoa solicitante, se é o caso, as/os irmás/ns solteiros/as menores de vinte e cinco anos, ou maiores de vinte e cinco anos cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2022. No caso das/os irmás/ns da persoa solicitante, a súa renda será considerada nun 50%.





No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante da bolsa, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica. Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o actual cónxuxe ou persoa unida por análoga relación co proxenitor co que conviva a persoa solicitante e as súas rendas se incluírán dentro do cómputo das familiares e terán a consideración de membros computables as persoas descendentes en 1º grado menores de 25 anos que convivan no domicilio.

No caso de familias monoparentais ou numerosas, incrementarase nunha persoa o número de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental o disposto no Art. 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No caso de familias acolledoras ou unidades familiares de convivencia con persoas valoradas como dependentes ou con discapacidade recoñecida, a persoa solicitante deberá manifestar a inclusión desa persoa como membro da unidade familiar para o seu cómputo no cálculo da renda. Ademais, incrementarase nunha persoa o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Da renda da unidade familiar computable, deduciranse os gastos derivados do alugamento ou hipoteca de vivenda habitual, ata un máximo de 250 euros mensuais, previa presentación da documentación acreditativa correspondente.

2.5. A condición de beneficiario poderá obterse aínda que non se cumpran os requisitos esixidos no artigo 10.2 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

3.1. O prazo de presentación de solicitudes será dende o 1 ao 30 de setembro de 2023. Este prazo poderá ser prorrogado por resolución da Xunta de Goberno Local.

3.2. As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes na sede electrónica do concello: *sede.vilagarcia.gal*.

4. FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES





As solicitudes descargaranse na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa no enderezo electrónico www.vilagarcia.gal ou na sede electrónica sede.vilagarcia.gal.

As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación que proceda:

- Solicitud dirixida ao Alcalde-Presidente da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa
- DNI, NIE da persoa solicitante
- Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento
- Documento acreditativo da situación de independencia
- Certificado de discapacidades dos membros da unidade familiar maiores de 25 anos
- Autorización para poder solicitar datos á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF), do solicitante e demais membros maiores de 16 anos que conforman a unidade familiar de convivencia
- Xustificante do gasto de alugamento ou hipoteca da vivenda habitual
- En casos de separación ou divorcio, certificado de convivencia actualizado á data da presentación da solicitude e Convenio Regulador ou Resolución de medidas paternofiliais cando se trate de parellas non casadas que cesaron a convivencia
- Certificado de familia monoparental ou documentación acreditativa desa situación.
- Acreditación de ter condición de familia numerosa, acolledoras ou que teñen ao seu cargo a persoas dependentes valoradas ou con discapacidade recoñecida
- Xustificante das notas obtidas no curso 2022/2023. No caso de que os estudos se realicen no estranxeiro, deberá achegarse unha tradución do documento e declaración xurada que ratifique dita tradución
- Certificación bancaria do número de conta (IBAN) na que o/a solicitante sexa titular ou cotitular na mesma.

A Sede Electrónica do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb e non permite determinados formatos. O/a solicitante terá que presentar:





- Un pdf que conteña un índice de toda a documentación que se achega.
- Un pdf por cada documento

5. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión practicarase previa baremación das solicitudes atendendo estritamente á renda *per cápita* da unidade familiar, conforme foi definida no apartado 2, e ata esgotar o crédito desta convocatoria. En caso de empate, terá preferencia aquel solicitante que non tivera ningún tipo de axuda de calquera administración pública para esta mesma finalidade.

5.1. Incoación do expediente. O procedemento iniciárase previa solicitude da persoa interesada e impulsárase de oficio en todos os seus trámites.

5.2. Órgano competente para a instrución. O órgano competente para a instrución dos expedientes serán os departamentos de Educación e Servizos Sociais do Concello de Vilagarcía de Arousa, que verificarán que a instancia presentada se atope correctamente cumprimentada e asinada, e acompañada da documentación que resulte preceptiva de acordo co disposto no apartado catro das presentes bases reguladoras (“Forma de presentación das solicitudes”).

5.3. Corrección de defectos na solicitude. Se a solicitude non reúne os requisitos que lle foran esixibles, especialmente se non vén acompañada dalgún dos documentos previstos no apartado catro (“Forma de presentación de solicitudes”) o órgano instructor requirirá ao/á interesado/a para que emende os defectos ou complete a solicitude no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles dende a notificación (art. 68.1 LPACAP), advertíndolle que, de non facelo así, teráse por desistida súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

5.4. Informes, avaliación de solicitudes e outras actuacións. Non habendo defectos emendables ou, de habelos, se tiveran corrixido en tempo e forma, continuarase coa instrución do expediente. O órgano instructor realizará de oficio todas cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e aprobación dos datos que sirvan de base á resolución de acordo ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RD 887/2006 de 21 de xullo) e nas presentes bases reguladoras. En





particular, poderá solicitar cantos informes foran necesarios para fundamentar a resolución ou foran esixibles pola normativa vixente, que en todo caso terán carácter facultativo e non vinculante e deberán ser remitidos nun prazo non superior a dez días, así como poderá avaliar as solicitudes conforme aos criterios contidos nas presentes bases reguladoras.

- 5.5. **Proposta para resolución.** A proposta de resolución deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

O expediente de concesión conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder, despréndese que o/a beneficiario/a cumpre con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

- 5.6. **Notificación da proposta.** O órgano de instrución notificará a proposta de resolución aos/ás interesados/as que foran excluídos como beneficiarios/as na fase de instrución, mediante notificación por correo electrónico, aos efectos de presentar as alegacións ou emendas oportunas no prazo máximo de quince días, transcorridos os cales, o Concello de Vilagarcía de Arousa entenderá que o solicitante renuncia á axuda.

- 5.7. **Resolución.** O órgano competente para a resolución definitiva do expediente será a Xunta de Goberno Local, previo informe dos departamentos de Educación e Servizos Sociais e a proposta das delegacións de Educación e Servizos Sociais. A resolución da Xunta de Goberno Local porá fin ao procedemento de acordo ao previsto no artigo 84 da LPACAP e con fundamento nos criterios que se conteñen na lexislación vixente e nas presentes bases reguladoras.

- 5.8. **Prazo máximo de resolución.** O prazo máximo para resolver cada solicitude será de tres meses a partir da data na que remate a convocatoria.

Transcorrido dito prazo sen que recaera resolución expresa poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 41 da LPACAP, a cuxos efectos bastará practicar a notificación no domicilio ou correo electrónico que a persoa interesada tivera sinalado ao efecto no momento de





cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa, na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa, <http://www.vilagarcia.gal/>, e na súa sede electrónica, <https://sede.vilagarcia.gal/>

5.9. Recursos. A resolución que poña fin ao expediente esgotará a vía administrativa, de maneira que o interesado poderá interpoñer contra dita resolución, potestativamente e á súa elección, recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que ditou a resolución no prazo máximo de tres meses contado a partir do seguinte día da súa notificación, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante os Xulgados ou Tribunais do Contencioso-administrativo, neste caso, no prazo máximo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

6. CONTIA DA SUBVENCIÓN

O importe da axuda será de catrocentos vinte e cinco euros (425 €) para os estudos universitarios ou similares e de dous centos vinte e cinco euros (225 €) para os estudos de ciclos superiores de Formación Profesional ou similares ou da UNED.

7. FORMA DE ABONO

O Concello de Vilagarcía de Arousa decidirá a forma de abono da presente convocatoria de subvencións para estudantes universitarios/as. O importe da subvención farase efectivo nun só pago.

8. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ACTIVIDADE

O/a beneficiario/a da beca deberá ter acreditado o cumprimento da finalidade para a que lle foi concedida mediante a xustificación de ter superado ao menos o 50% das materias do curso 2022/2023 no que estivera matriculado.

9. VERIFICACIÓN E REVOCACIÓN

Ao marxe do disposto no apartado anterior, unha vez concluído o proceso de adxudicación das axudas, o Concello de Vilagarcía de Arousa poderá requirir aos/as beneficiarios/as a presentación dos documentos que considere oportunos para acreditar a efectiva realización





da actividade para a que lle foi concedida a subvención.

A aceptación das presentes bases implicará tamén a autorización ao Concello de Vilagarcía de Arousa para recadar de calquera organismo, entidade ou institución, e calquera que fora a súa natureza- pública, semipública ou privada- os datos necesarios para determinar a concesión ou denegación da axuda e, no caso de que lle fora concedida, para determinar se o seu importe foi integramente empregado para a finalidade para que lle foi concedida.

Igualmente, implicará a aceptación de ser notificados/as pola vía telemática, conforme ao disposto no artigo 27.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

O incumprimento das obrigacións contraídas polo/a beneficiario/a en virtude do disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa e, particularmente, o incumprimento no disposto no apartado 12 ("Obrigacións dos/as beneficiarios/as) ou o falseamento ou ocultación dos datos que tiveran dado lugar á concesión da subvención, poderá dar lugar á revogación da resolución estimatoria da mesma e ao reintegro do importe total ou parcial da subvención inicialmente concedida, previa resolución ditada ao efecto polo órgano competente para a súa concesión, que deberá estar debidamente motivada e notificada ao/á interesado/a.

10. CONCORRENCIA DE SUBVENCÍONS E COMPATIBILIDADE

A obtención das subvencións que se tiveran concedido en virtude do disposto nas presentes bases reguladoras será compatible con outras subvencións e axudas procedentes de organismos, institucións e persoas físicas ou xurídicas, de natureza pública, semipública ou privada, con independencia da forma que utilizaran para o exercicio das actividades que lle son propias.

11. OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A

Os/as solicitantes da subvención estarán obrigados ao cumprimento das obrigacións que lle foran impostas en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento que o Concello de Vilagarcía de Arousa tivera aprobado ao efecto. En particular, o seguinte:





- 11.1. Presentar os impresos, declaracións, documentos e xustificacións que se indican nas presentes bases reguladoras e, en particular, no seu apartado catro (“Forma de presentación das solicitudes”) consignando fielmente os datos que lle foran solicitados.
- 11.2. Facilitar toda a información, declaracións, documentos e xustificantes que en cumprimento do disposto nas presentes bases reguladoras lle sexan esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa, e someterse ás actuacións de comprobación que con relación ás subvencións concedidas se practiquen por parte da Intervención do Concello.
- 11.3. Executar a actividade para que lle foi concedida a subvención interesada.
- 11.4. No caso de revocación da axuda, o/a interesado/a deberá reintegrar o importe íntegro da mesma, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

12. REINTEGRO

Para o procedemento de reintegro estarase ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

13. FINANCIACIÓN

O importe correspondente ás axudas que se convocan farase con cargo ós créditos dos orzamentos das Areas de Educación e Benestar Social no exercicio 2023.

O importe das axudas concedidas non poderá exceder de 66.800,00 euros distribuídos nas seguintes aplicacións orzamentarias:

320-48003 33.400,00€

231-48003 33.400,00€

14. APLICACIÓN E INTERPETRACIÓN DAS BASES

O órgano competente para a resolución das dúbidas ou controversias que puideran suscitarse con motivo da interpretación ou aplicación das presentes bases reguladoras será o Sr. Alcalde,





a proposta das Áreas de Educación e Servizos Sociais.

15. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co previsto no artigo 20.8 da Lei 38/20333, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se transmitirá á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o extracto para a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte desa publicación do extracto.

Vilagarcía de Arousa, 13 de xuño de 2023.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Alberto Varela Paz

